



Rúa do Carmen, 3  
15830 Negreira  
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328  
[www.concellodenegreira.gal](http://www.concellodenegreira.gal)  
[concello@concellodenegreira.es](mailto:concello@concellodenegreira.es)

## **BASES PARA A FORMACIÓN DE LISTAS DE AGARDA DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL.-** **ARQUITECTURA TÉCNICA**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO E CARACTERÍSTICAS.-**

Efectuase esta convocatoria co fin de elaborar unha lista de aspirantes para aquelas contratacións laborais temporais que se regulan no artigo 15 do RDL 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e disposicións concordantes e de desenvolvemento, no intre no que xurda a necesidade e que se considere oportuno e convinte ó efectuar a contratación.

Estas Bases elabóranse tendo en conta a argumentación contida nos Informes de Alcaldía, Secretaría e Intervención de data 21 de maio de 2019, en orden ó cumprimento do establecido na Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018.

Trátase de dar cobertura ó servizo de **ARQUITECTURA TÉCNICA** no departamento de urbanismo deste Concello de Negreira.

### **SEGUNDA.- REQUISITOS PARA A ADMISIÓN Ó PROCESO SELECTIVO.-**

Son os seguintes:

**1º.-** Nacionalidade española ou estranxeira sempre que se acredite a residencia legal en España.

**2º.-** Idade mínima: 16 anos. Non se poderá exceder da idade máxima fixada para a xubilación forzosa. Tanto o presente requisito como o anterior acreditaranse mediante o DNI en fotocopia cotexada.

**3º.-** Estar en posesión da titulación de Grao en Arquitectura Técnica ou equivalente.

**4º.-** Poseer a capacidade funcional para o desempeño das correspondentes tarefas.

**5º.-** Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calqueira das administracións públicas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para exercer as funcións propias do posto. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

### **TERCEIRA.- HORARIO E RETRIBUCIÓNS SALARIAIS MENSUAIS.-**

A xornada de traballo será a vixente na área de urbanismo e servizos municipais.

A retribución será, durante o exercicio 2019, a razón dun importe íntegro de mil cincocentos sesenta e nove con sesenta (1.569,60 euros ) mensuais, segundo o establecido na táboa de retribucións do convenio provincial de edificación e obras públicas da Coruña.

### **CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN A APORTAR.-**

As solicitudes presentaranse no prazo de cinco (5) días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación da convocatoria nun xornal dos de maior difusión da provincia.



Rúa do Carmen, 3  
15830 Negreira  
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328  
[www.concellodenegreira.gal](http://www.concellodenegreira.gal)  
[concello@concellodenegreira.es](mailto:concello@concellodenegreira.es)

Xuntarase a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos e, no seu caso, dos méritos alegados, en orixinal ou en fotocopia cotexada.

As solicitudes e documentación anexa presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou nos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

#### **QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES**

1. Despois de rematar o prazo para presentar solicitudes, o alcalde ditará a resolución que declare aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de editos e na páxina web do Concello e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co formulado na lei.

Os/as aspirantes excluídos/as, dispoñerán dun prazo de tres días naturais, seguintes aos de publicar a antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou as emendas de defectos, nos termos do art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

2. Posteriormente, o alcalde declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello. Na mesma resolución o alcalde determinará o lugar, a data e a hora da realización do exame tipo test, así como a composición do órgano de selección.

3. De non existir aspirantes excluídos/as, o alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución de aprobación e indicará o lugar, a data e a hora da realización do exame tipo test, así como a composición do órgano de selección.

#### **SEXTA- COMISIÓN DE SELECCIÓN.-**

O tribunal cualificador estará composto por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e dous/dúas vogais.

O tribunal non poderá actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros. En todo caso, será precisa a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a.

O tribunal poderá dispoñer que se incorporen asesores/as especialistas para as probas que considere pertinentes, que se limitarán a exercer as súas especialidades técnicas con base exclusivamente nas cales colaborarán co órgano de selección.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non expresado nestas bases.

Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte destes cando concorran as circunstancias contidas no artigo 23 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, e notificarlo á autoridade convocante. Asemade, os/as aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 24 da mencionada lei.

Para os efectos de que os membros concorrentes ás sesións dos tribunais perciban asistencias, estes estarán clasificados nas categorías que establece o número 1 do artigo 30 do Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

#### **SÉTIMA.-PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO**



Rúa do Carmen, 3  
15830 Negreira  
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328  
[www.concellodenegreira.gal](http://www.concellodenegreira.gal)  
[concello@concellodenegreira.es](mailto:concello@concellodenegreira.es)

O procedemento de selección dos aspirantes constará de dúas fases:

- Concurso
- Oposición

#### **Fase de Concurso:**

Non terá carácter eliminatorio nin será tido en conta para superar a fase de oposición. Os méritos computables nesta fase e a súa valoración serán os seguintes:

**1.-** Por servizos da mesma natureza do que é obxecto destas bases ata un máximo de **3 puntos**:

**0,20** puntos por cada mes completo ou fracción superior a 15 días.

**2.-** Por cursos relacionados coa actividade a desenvolver, impartidos pola Administración Pública ou homologados, ata un máximo de **2 puntos**:

- De máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- De máis de 40 horas ata 100 horas: 0, 25 puntos.
- De máis de 10 horas ata 39 horas: 0, 15 puntos.

**3.-** Por posuir unha titulación académica de nivel superior á requirida para a praza e relacionada coa mesma, computándose unicamente un título dos acreditados. Puntuación máxima: 1 punto.

- Título de Doutoramento: 1 punto.
- Título de Postgrao: 1 punto.
- Grao en arquitectura: 1 punto.

**4.-** Polo coñecemento do idioma galego, computándose unicamente o grao superior acreditado e concedéndose validez en exclusiva ós cursos ou titulacións homologados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.:

- Celga 2: 0, 25 puntos.
- Celga 3 ou equivalente: 0,50 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0, 75 puntos.

#### **Fase de Oposición:**

A fase de oposición consistirá na realización dunha proba obrigatoria e eliminatoria cunha puntuación máxima de 10 puntos.

Características da proba: consistirá no desenvolvemento dun exame tipo test de 50 preguntas durante o prazo dunha hora. As respostas correctas valoraranse cada unha con 0,2 puntos. As



Rúa do Carmen, 3  
15830 Negreira  
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328  
[www.concellodenegreira.gal](http://www.concellodenegreira.gal)  
[concello@concellodenegreira.es](mailto:concello@concellodenegreira.es)

respostas incorrectas descontarán 0,05 puntos, mentres que se se deixa en branco non descontarán.

Valoraranse de 0 a 10 puntos, debendo acadarse unha puntuación mínimo de 5,5 puntos para supéralo.

A cualificación final será a suma dos puntos obtidos nas dúas fases de Concurso e de Oposición.

#### **OITAVA.- APROBACIÓN DAS LISTAS.-**

Unha vez elaboradas as listas pola Comisión de Selección elevaranse á Alcaldía-Presidencia do Concello que as aprobará por Decreto. Con posterioridade, expóranse no Taboleiro de Editos e na páxina web do Concello de Negreira.

#### **NOVENA.- RÉXIME DE MODIFICACIÓN NA ORDE DE PRELACIÓN NAS LISTAS .-**

A orde de prelación dos/as aspirantes incluídos nas listas irase modificando cos conseguintes chamamentos, de acordo coas seguintes regras:

- Se o/a aspirante chamado non puidera ser nomeado/a por causa xustificada, discrecionalmente apreciada, previo informe da comisión de selección, conservará a súa orde de prelación na lista; en caso contrario, será excluído/a da mesma.
- Se calquera dos/as integrantes da lista renunciase a formar parte da mesma, ou unha vez nomeado/a renunciase, fora separado/a do servizo por sanción disciplinaria e/ou por despido declarado procedente, será excluído/a da lista.
- Se unha vez nomeado/a, o tempo traballado fora inferior a un ano, retornará ó posto que ocupaba na orde de prelación da lista no momento de ser chamado; se fora igual ou superior a un ano, pasará a ocupa-lo último lugar da lista.



Rúa do Carmen, 3  
15830 Negreira  
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328  
[www.concellodenegreira.gal](http://www.concellodenegreira.gal)  
[concello@concellodenegreira.es](mailto:concello@concellodenegreira.es)

## ANEXO I MODELO DE SOLICITUDE

D./Dona \_\_\_\_\_, con DNI n.º \_\_\_\_\_, con enderezo  
\_\_\_\_\_ con C.P. \_\_\_\_\_, localidade \_\_\_\_\_, correo electrónico  
\_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_

### EXPÓN:

Que tendo coñecemento da convocatoria publicada por este Concello para a formación dunha bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais para o posto de Arquitecto/a Técnico/a - Aparellador/a.

Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas nas bases da convocatoria.

Apórtase a tal efecto a seguinte documentación:

DNI.

Documentación que acredite o cumprimento dos requisitos.

Documentación acreditativa dos méritos alegados

Polo exposto, SOLICITA:

Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo referido.

E declara baixo xuramento:

- Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desenvolvemento das correspondentes funcións o tarefas correspondentes á praza á que se opta.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que se desempeñan no caso de persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Negreira, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019.

Asinado: \_\_\_\_\_

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE NEGREIRA



Rúa do Carmen, 3  
15830 Negreira  
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328  
[www.concellodenegreira.gal](http://www.concellodenegreira.gal)  
[concello@concellodenegreira.es](mailto:concello@concellodenegreira.es)

## ANEXO II.- TEMARIO

### PARTE XERAL

1. Constitución Española de 1978. Estrutura y contido. Dereitos e deberes fundamentais. Cortes Xerais. O Goberno e a Administración. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais. O Poder Xudicial. O Tribunal Constitucional.
2. Organización Territorial do Estado. O Estatuto de Autonomía de Galicia.
3. O réxime local. Autonomía local. O municipio e os seus elementos. Competencias. A organización municipal.
4. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O interesado. A actividade das administracións públicas. Os actos administrativos. Fases do procedemento. Revisión dos actos en vía administrativa.
5. Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público. Principios de actuación e funcionamento do sector público. Relacións interadministrativas.
6. Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e normativa regulamentaria dos contratos do sector públicos.
7. persoal ao servizo das administracións públicas. Clases de empregados públicos. Dereitos e deberes individuais e colectivos. Situacións administrativas. Réxime disciplinario.
8. A expropiación forzosa. Concepto e elementos. Procedemento xeral.
9. patrimonio das administracións públicas. Tipos e réxime xurídico dos bens públicos.
10. Os tributos locais. O orzamento.

### PARTE ESPECÍFICA

1. Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.
2. Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación. Ámbito de aplicación. Partes e contidos. Xeneralidades e exixencias básicas.
3. Real Decreto 1000/2010, do 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio
4. Decreto 29/2010 de 4 de marzo aproba as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia. Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
5. Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade. Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
6. Real Decreto 1627/1997 de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.
7. Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.



Concello de  
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3  
15830 Negreira  
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328  
[www.concellodenegreira.gal](http://www.concellodenegreira.gal)  
[concello@concellodenegreira.es](mailto:concello@concellodenegreira.es)

8. Principios xerais do urbanismo: os plans e as súas determinacións básicas. Os títulos habilitantes de natureza urbanística. Tipos e procedemento. A caducidade. A inspección urbanística. Inspección de construcións e levantamento de actas e informes.
9. Ordenación do territorio: principios xerais. Os plans territoriais integrados. Os programas coordinados de actuación. Os plans e proxectos sectoriais. Os plans de ordenación do medio físico.
10. Instrumentos de control municipal das actividades. Títulos habilitantes. Normativa de control ambiental. Espectáculos públicos e actividades recreativas. Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos. Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
11. Real Decreto 2267/2004, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais.
12. Lei 37/2003 do 17 de novembro, do ruído. Decreto 1367/2007 de 19 de outubro que desenvolve a lei 37 /2003, do 17 de novembro, do ruído. Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.
13. Disposicións relacionadas coa actividade urbanística municipal na normativa estatal e autonómica en materia de espazos naturais. A Rede Natura 2000 e o Catálogo das paisaxes de Galicia.
14. Disposicións relacionadas coa actividade urbanística municipal na normativa autonómica en materia de estradas, en particular na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.
15. Disposicións relacionadas coa actividade urbanística municipal na normativa estatal e autonómica en materia de costas, en particular na Lei 22/1988 do 28 de xullo, de Costas, Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas e Decreto 158/2005, do 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.
16. Disposicións relacionadas coa actividade urbanística municipal na normativa estatal e autonómica en materia de augas, en particular no Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Auga, Real Decreto 927/1988, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Administración Pública da auga e da planificación hidrolóxica, en desenvolvemento dos Títulos II e III da Lei de Auga e Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia.
17. Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.



Concello de  
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3  
15830 Negreira  
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328  
[www.concellodenegreira.gal](http://www.concellodenegreira.gal)  
[concello@concellodenegreira.es](mailto:concello@concellodenegreira.es)

18. Normativa estatal e autonómica en materia de patrimonio cultural. Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
19. Real Decreto 1492/2011, do 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei de Solo. Orde ECO/805/2003, do 27 de marzo, sobre Normas de Valoración de Bens Inmóveis e de Determinados Dereitos para certas finalidades Financeiras. Real Decreto 1020/1993, do 25 de xuño, polo que se aproban as normas técnicas de valoración e o cadro marco de valores do solo e das construcións para determinar o valor catastral dos bens inmóveis de natureza urbana.
20. Planeamento urbanístico no termo municipal de Negreira.

Negreira, 23 de maio de 2019.

O alcalde,

Jorge Jesús Tuñas Caamaño.